

O vindeiro día 21 de xaneiro de 2009 os alumnos de 3º ESO do IES As Bizocas levarán a cabo unha visita educativa ás instalacións do Complexo Medioambiental do que Sogama dispón en Cerceda.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica, creada no ano 1992 pola Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e máxima responsable da xestión dos residuos en Galicia.

Imos facer un breve percorrido por todo este proceso de xestión de residuos:

RECOLLIDA SELECTIVA E RECICLAXE

Estabelece as medidas necesarias para asegurar o máximo grado de recollida selectiva que permita obter a cota máxima de reciclaxe de materiais. Para efectuar a recollida selectiva os concellos contan con diferentes colectores nos que os cidadáns e as cidadás deben depositar os residuos de forma separada.



QUE MATERIAIS DEPOSITAR NO CONTEADOR XENÉRICO



- Restos orgánicos
- Cueiros, compresas
- Papel e cartón manchado de graxas
- Bombillas
- Espellos
- Louza rota
- Cintas de vídeo e de audio
- Disquettes e CDs
- bolígrafos
- Xoguetes de plástico
- Calquera material distinto de:
 - Envases de plástico, latas e briks
 - Envases de vidro
 - Papel e cartóns limpos

QUE MATERIAIS DEPOSITAR NO CONTEADOR AMARELO




- Botellas de plástico que contiveran alimentos (aceite vexetal, refrescos, auga, leite, salsas, ...)
- Botes de plástico de produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, champú, xabón líquido, lavavaixelas, limpiadores do fogar, suavizante, ...)
- Latas de conservas e de refrescos
- Briks de leite, viño, zumos, ...
- Papel de aluminio
- Bandexas de porexpan ou corcho branco
- Redecillas de envoltorio de froitas ou verduras
- Plástico film (plástico de cociña para envolver)
- Bolsas de plástico
- Bolsas plásticas de aperitivos
- Bolsas plásticas de boiería industrial

De forma xeral todos os envases de plástico, latas e briks que leven impreso o punto verde.




A función das **plantas de transferencia** é permitir o trasvase dos residuos dende os camiións de recollida urbana a contedores de maior capacidade e máis axeitados para o transporte a longa distancia. Os obxectivos que se perseguen coa instalación de plantas de transferencia é minimizar os custos de transporte ao tempo que éste se realiza nas mellores condicións hixiénicas e de seguridade.


As plantas de transferencia son instalacións de funcionamento moi sinxelo. A súa operación realízase en catro fases:




Fase I: O camión recolector accede ao recinto e, despois de ser pesado, sobe ata un andar superior.



Fase II: Unha vez situado na posición correcta, realiza a descarga dos residuos sobre a tolva.



Fase III: Un sinxelo émbolo introduce os RU no colector, sen empacamento nin apertura de bolsas ou calquera outra manipulación.



Fase IV: Finalizada a descarga a instalación queda pechada esperando a chegada do seguinte camión de recollida.

O COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL


No Complexo Medioambiental efectúanse todas as operacións de tratamento dos residuos urbanos procedentes das plantas de transferencia e daqueles concellos que, pola súa proximidade, descargan directamente nel.

Está situado no lugar de Morzós, Concello de Cerceda, na provincia de A Coruña, e constitúe o punto arredor do cal xira a actividade principal de SOGAMA. Nel procédese á **separación dos materiais reciclables depositados na Bolsa Amarela**, facilitando a súa entrega aos recicladores correspondentes, e realízase a **valorización enerxética da fracción no reciclable**, depositada na Bolsa Negra.

Construído sobre unha superficie de 665.000 metros cadrados e cunha capacidade nominal para tratar 550.000 toneladas de residuos anuais, consta dunha serie de instalacións industriais, cada unha delas cun cometido específico, que encadean todas as actividades do proceso global



Complejo Medioambiental de Cerceda



Na **Planta de Clasificación** recíbese o material correspondente á **Bolsa Amarela** (Envases de plástico, latas e bricks), onde sofre un proceso de separación e clasificación que o prepara para ser entregado ás empresas recicladoras.

A **Bolsa Negra** (material non reciclable) descárgase nos fosos de recepción da **Planta de Elaboración de Combustible**. Este material é sometido a un proceso de preparación e acondicionamento para obter un combustible derivado de residuos (CDR) estabilizado que alimenta a **Planta Termoeléctrica**. A **Planta de Coxeneración** participa no proceso suministrando a calor necesaria para a fase de secado do proceso de preparación do CDR.

O Complexo dispón ademais dun **Almacén de Combustible** con capacidade suficiente para oito días de operación da **Planta Termoeléctrica**.

VERTEDOIRO CONTROLADO DE AREOSA

Situado nunha pequena valgada da cunca de aportación do río Lengüelle, o vertedoiro controlado de Sogama en Areosa (Cerceda) comeza a súa actividade no ano 1996, ao obxecto de ser utilizado para o depósito de residuos non perigosos,

Cunha superficie de 330.000 m², na zona noroeste do recinto sitúase a planta de empacado de residuos urbanos e asimilables, así como a planta de valorización de biogás, mentres que na zona sur ubícanse as balsas de recollida de lixiviados, de seguridade e pluviais, e as instalacións da planta depuradora.

RESÍDUOS URBANOS NO XESTIONADOS POR SOGAMA

